



### **BASES AULA DE PINTURA DA CONCELLARÍA DE CULTURA PARA O CURSO 2018-2019**

O obxecto das presentes bases é regular a Aula de Pintura da Concellaría de Cultura que se oferta no lugar da Valenzá ao longo do curso 2018/2019.

- **Obxecto**

O obxectivo da aula de pintura é ofertar a aprendizaxe da actividade de pintura ás persoas adultas interesadas así como establecer espazos de creación, socialización e utilización do tempo de ocio entre as persoas que acudan á mesma.

- **Destinatarios e destinatarias**

As actividades da aula de pintura van dirixidas ás persoas adultas maiores de 30 anos que desexen iniciar ou perfeccionar distintas técnicas relacionadas con esta actividade.

- **Organización e número de prazas**

Ao longo do curso 2018/2019 ofertaranse un total de 36 prazas que se dividirán nos seguintes grupos:

.Luns de 10 a 12h

.Martes de 10 a 12h

.Xoves de 16.30h a 18.30h

En cada un dos grupos o número máximo de participantes será de 12 persoas.

- **Solicitudes**

As solicitudes poderanse descargar na páxina web do concello [www.barbadas.gal](http://www.barbadas.gal) ou recollelas na Casa de Cultura Manuel María ou nos rexistros das oficinas municipais da Valenzá ou da Casa do Concello en Barbadás.

Unha vez cuberta a solicitude, entregárase nos rexistros municipais (oficinas municipais da Valenzá, Casa do Concello ou Policía Local) ata o día 14 de setembro de 2018.

- **Admisión de solicitantes e listas de agarda**

No caso de existir maior número de solicitantes que de prazas ofertadas os criterios de preferencia para a admisión serán os seguintes:

- Ter asistido como alumno ou alumna á aula de pintura o curso anterior.
- Estar censado ou censada no concello de Barbadás.

En caso de empate entre dous ou máis solicitantes, a adxudicación da praza realizarase mediante sorteo ao que poderán acudir os afectados e en presenza de polo menos dous traballadores/as da Casa de Cultura Manuel María.

Os e as solicitantes que queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda. A orde da lista de agarda levarase a cabo tendo en conta o criterio de orde de entrada da solicitude. As listas provisionais de



admitidos/as e a lista de agarda, se a houber, publicarase na páxina web do concello e nos taboleiros da Casa de Cultura Manuel María, o día 18 de setembro de 2018.

O listado de persoas admitidas ordenarase por orde alfabética. O listado de agarda ordenarase por orde de entrada de solicitude.

- **Prezo e forma de pagamento**

A actividade de pintura ten un prezo público establecido de 15 euros/ano.

O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria ao número de conta: ABANCA IBAN: ES21 2080 5342 5431 1000 9242 e acreditarlo nas oficinas da Casa de Cultura Manuel María ata o día 25 de setembro de 2018 indicando como concepto: Aula de Pintura. Concellaría de Cultura.

A presentación do xustificante de pago suporá a confirmación da praza na actividade. A non presentación do xustificante de pago suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

Unha vez efectuado o ingreso e iniciado o curso non se devolverá o importe satisfeito.

O día 26 de setembro publicarase na páxina web e nos taboleiros da Casa de Cultura Manuel María os listados definitivos das persoas admitidas e a lista de agarda se a houber.

- **Procedemento para a elección de horario**

O xoves 27 de setembro ás 17h as persoas admitidas elixiran o grupo ao que acudirán ao longo do curso nas instalacións da Casa de Cultura Manuel María. O procedemento de elección de grupo será o seguinte:

- Mediante sorteo público extraerase un nome de entre todas as persoas admitidas e esta será a primeira en elixir a quenda horaria.
- As seguintes persoas admitidas irán elixindo a súa quenda por rigorosa orde alfabética a partir do primeiro nome extraído.

Rematado todo o proceso, as clases darán comezo o luns día 8 de outubro e rematarán o xoves, 6 de xuño 2019 nas instalacións da rúa do Ensino número 5.

- **Listas de agarda**

As listas de agarda serán ordenadas por orde de entrada das solicitudes. De producirse algunha baixa procederase ao chamamento por lista de agarda. O chamamento será mediante chamada telefónica e ofertarase a quenda da baixa correspondente.

Considerarase que se desestima o chamamento no caso de non aceptación da proposta, a non recepción de contestación telefónica no prazo de 48 horas ou a non realización do pago correspondente prorrateado desde o momento da aceptación.

- **Organización**

Esta actividade está organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Barbadás. A Concellaría de Cultura resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento da actividade.

